



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 5º PRIMARIA. CURSO 2.019/2.020

Verónica Guardado Gesto
CEIP CANOSA -RUS

Contido

1.. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.	3
LINGUA E LITERATURA CASTELÁ.....	3
LINGUA E LITERATURA GALEGA	4
MATEMÁTICAS.....	5
NATURAIS.....	6
CIENCIAS SOCIAIS.-.....	7
PLÁSTICA.-.....	8
VALORES	8
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-	9
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN).....	10
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	11

1.. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre sí, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar as diferentes áreas, relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

En **letra grosa contemplamos os estándares que xa foron avaliados nos 1º e 2º trimestres (non se volverán a avaliar)** e en letra normal os que seguirán sendo reforzados e repasados e ampliados no 3º trimestre.

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados.	CCL
LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.	CCL
LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social.	CAA
LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.	CSIEE
LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	CCL

LCB5.5. 2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.	CAA
LCB5.4.1. Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.	CCEC
LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas.	CCL

LINGUA E LITERATURA GALEGA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	CAA
LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).	CAA
LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	CCL
LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.	CCL
LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral.	CCEC
LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía.	CCL
LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	CCL

MATEMÁTICAS.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	CMCT
MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	CMCT
MTB2.6.8. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	CAA
MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición decada unha das súas cifras.	CMCT
MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas en situacións cotiás.	CMCT
MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.	CAA
MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	CMCT
MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.	CMCT

NATURAIS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.	CSC
CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.	CD
CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	CAA
CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións .	CAA
CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.	CD

CIENCIAS SOCIAIS.-

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes	CMCT
CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC
CSB 2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	CCL
CSB3.9.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	CMCT
CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.	CCL
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material	CD

PLÁSTICA.-

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.	CSC
EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	CSC
PB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.	CSC

VALORES

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA CLAVE
VSCB2.2.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.	CCL

2. Avaliación e cualificación.-**AVALIACIÓN****Procedementos:**

Para o seguemento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración.

Instrumentos:

Escalas de estimación e/ou listas de cotexo sobre o documentos entregados semanalmente.

CALIFICACIÓN FINAL

A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter continuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cólgame un documento en pdf e todas se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>ALUMNOS CON CONECTIVIDADE: intercámbianse actividades online con actividades en formato papel. Inténtanse que teñan un enfoque globalizado e que sexan o máis motivadoras posibles. Semanalmente mándase unha serie de tarefas que se poden facer online, previo rexistro (só necesitan un pseudónimo). https://es.liveworksheets.com/notifications.asp</p> <p>ALUMNOS SEN CONECTIVIDADE: fálase a través de mensaxes ou vía telefónica . A estes alumnos mándaselle a tarefas case diariamente.</p> <p>Inténtase que as actividades sexan o máis diversas posibles ,que fomenten o adestramento das competencias básicas, atendendo a diversidade e o ritmo de cada quen. Considerando isto último, elabóranse actividades de reforzo e ampliación para ese alumnado que se considera necesario.</p> <p>Da mesma maneira farase unha atención individualizada se así se precisa. Está metodoloxía irá modificándose, se así é necesario, atendendo as necesidades do alumnado e das familias.</p> <p>Paralelamente, mándanse actividades nas que teñen que compartir escoitas ou vídeos na que actividade lle deixe mostrar as súas emocións(gravar lendo unha carta expresando como se senten...), lle invite a experimentar (crear unha polea, facer un experimento de mesturas...) ou lle saque o seu lado máis creativo (crear un faro, facer obras plásticas con material de refugallo). Estas actividades empezáronse a titorizar con chamadas, correos, abalares... Agora vaise empezar a facer con videoconferencias.</p>
Materiais e recursos	<p><u>P</u>rensa online. Actividades online. https://es.liveworksheets.com/notifications.asp Vídeos de happy learning, youtube... Postcads. Correos e abalares explicativos. Videoconferencias Fotocopias.</p>

	<p>Libros de lectura. Actividades elaboradas por min. Blogue do centro e de biblioteca.</p>
--	---

4. Información e publicidade.

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóvil cando estea dispoñible na web. Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicarase este documento na páxina web do centro.</p>